


BauGal 5. Menos é máis - GUÍA DIDÁCTICA



Lingua Galega 4º ESO - Alexandra Pacheco
Tecnoloxía 4º ESO - Ana Moreira

Sesión 1 – Introducción: O futuro non é o que soía ser

Obxectivos

- Contextualizar e xustificar os obxectivos xerais do ODE.
- Coñecer as fases de traballo e os criterios de avaliación do ODE.
- Valorar a importancia de analizar eticamente o uso de ferramentas tecnolóxicas e dixitais (OBX. 6).

Competencias clave:

- CCL e CP: consolidación de vocabulario técnico.
- CPSAA: reflexión sobre o impacto ambiental e social da construción (ODS) e valoración da relación entre ética e tecnoloxía.
- CD: dereitos dixitais e propiedade intelectual.
- CCEC: literatura de ciencia ficción.

Contidos:

- ODS en relación á arquitectura.
- Ética e tecnoloxía: dereitos dixitais, falsas noticias.

Criterios de avaliación:

- CA4.2: reflexionar sobre a ética no uso de ferramentas TIC e tecnolóxicas e valorar o impacto ambiental de usar IA para xerar contidos.
- CA1.5 e CA5.1: intercambiar información e navegar con seguridade en internet, coñecendo os principais dereitos dixitais.

Metodoloxía:

- Estímulo - texto e vídeo *Utopía e distopía*
- Contidos teóricos.
- Actividades de reforzo e ampliación: xogo ciencia ficción, xogo Adiviña e cuestionario breve de reforzo.

DUA:

- Teoría accesible por barra DUA, lectura facilitada e audio.
- Imaxes reais con descrición de audio.

Sesión 2 – Ideamos, creamos, impactamos

Obxectivos da sesión: (Relacionados con OBX1, OBX6)

Reflexionar sobre o fenómeno de vender un produto, desde a importancia de crear unha boa marca (*branding*) ata o fenómeno do consumismo e a obsolescencia programada.

Competencias clave:

- CCL e CP: consolidación de vocabulario técnico.
- CC e CPSAA: reflexión crítica sobre o mercado.
- CCEC e CD: creación dun logo.

Contidos:

- Análise crítica de mensaxes tecnolóxicas e publicitarias.
- Marca publicitaria: branding, logo.
- Cooperativas e empresas.
- Obsolescencia programada.

Criterios de avaliación:

- CA1.1 a 1.7: comprender o obxectivo dun bo *branding* e deseñar unha marca relativa á arquitectura bioclimática e a comunidade.
- CA2.2: aplicar criterios de obsolescencia programada na análise do ciclo de vida de produtos e materiais.

Metodoloxía:

Implantación na aula:

- Estímulo: *Vivamos como galegos*.
- Contidos teóricos.
- Tarefa competencial: crear un branding.
- Actividades de reforzo e ampliación: reflexión en parellas.

DUA:

- Contidos teóricos con barra accesibilidade + lectura facilitada + audio.
- Imaxes reais con descrición de audio.

Sesión 3 – Crear e publicar informes

Obxectivos da sesión: (relacionados con OBX3)

Documentar un proxecto técnico, almacenando adecuadamente a información, e elaborar unha proposta visual clara e atractiva para difundilo, aplicando principios de deseño visual e narrativo.

Competencias clave:

- CCL e CP: consolidación de vocabulario técnico.
- STEM e CD: creación, almacenamento e publicación de documentación técnica.
- CPSAA: coñecer e respectar os dereitos de propiedade intelectual.
- CE: o blog como ferramenta web profesional.
- CCEC: plantillas en Wordpress.

Contidos:

- Documentación de proxectos tecnolóxicos.
- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información.
- Propiedade intelectual.

Criterios de avaliación:

- CA1.5, CA5.1 e CA5.3: dominar as ferramentas de creación, gardado e publicación de contidos. Crear un blog en Wordpress.
- CA5.1: coñecer os dereitos de propiedade intelectual.

Metodoloxía:

Implantación na aula

- Estímulo: *Que sabes de almacenar datos?*
- Exposición de contidos.
- Tarefa competencial: creación dun portfolio.
- Actividades de reforzo e ampliación: vídeo interactivo para crear un portfolio.

DUA:

- Contidos teóricos con barra accesibilidade + lectura facilitada + audio.
- Imaxes reais con descrición de audio

Sesión 4 – Merchandising con CAM

Obxectivos da sesión: (Relacionados con OBX2, OBX3)

Producir obxectos que comuniquen ideas (prototipos, chaveiros, placas...) mediante ferramentas CAM e equipos de fabricación dixital.

Competencias clave:

- CCL e CP: consolidación de vocabulario técnico.
- CD: edición de imaxe vectorial.
- STEM: cortadora láser.
- CE e CCEC: merchandising no mundo laboral.
- CPSAA: profundización (voluntaria) no mundo do gravado láser.

Contidos:

- Deseño dixital e ferramentas CAD e CAM.
- Representación de ideas e prototipos.

Criterios de avaliación:

- CA2.1 e CA2.2: deseñar e fabricar un chaveiro, escollendo o mellor material posible.
- CA3.2: coñecer o vocabulario propio do propio do CAM (fabricación asistida por computadora, neste caso, corte e gravado láser con Mr Beam X).

Metodoloxía:

Implantación na aula

- Estímulo: *Que extensión teñen as fotos do meu móbil?*
- Exposición de contidos.
- Tarefa competencial: vectorización dun logo, gravado e corte na Mr Beam X.
- Actividades de reforzo e ampliación: vídeo interactivo, galerías de imaxes.

DUA:

- Contidos teóricos con barra accesibilidade + lectura facilitada + audio.
- Imaxes reais con descrición de audio.

Sesion 5 – Avaliación

Obxectivos:

Compartir resultados, analizar procesos e aplicar instrumentos de autoavaliación e coavaliación.

Competencias:

- CCL e CP: consolidación de vocabulario técnico.
- CD: manexo de cuestionarios Moodle.
- STEM: cálculo de cualificación en función de porcentaxes.
- CPCSAA: conciencia do valor da avaliación e coavaliación.
- CC: valoración da necesidade dun criterio estético, sensible e sostible na arquitectura.
- CE: creatividade e investigación.

Contidos:

Os da unidade máis: Comunicación efectiva: entoación, expresión, xestión do tempo, adaptación do discurso e uso dunha linguaxe inclusiva, libre de estereotipos sexistas.

Criterios (suma dos traballados en casa sesión):

- CA1.1 a 1.6 – Aplicar de xeito consciente, riguroso, creativo e práctico o método de proxectos no deseño de *branding* dunha marca relacionada coa arquitectura sostible e na fabricación do *merchandising* (chaveiros). Traballar en equipo e comunicar adecuadamente os resultados.
- CA2.1 e CA2.2 - Deseñar con Inkscape e fabricar coa cortadora láser un chaveiro empregando tecnoloxía CAM, escollendo o mellor material posible.
- CA3.2 - Coñecer o vocabulario propio do CAM (fabricación asistida por computadora, neste caso, corte e gravado láser.)
- CA4.2 - Valorar o impacto ambiental de usar ferramentas TIC para xerar contidos (nomeadamente IA) e reflexionar sobre a non neutralidade da tecnoloxía.
- CA5.1 – Crear e editar contidos dixitais (documentos técnicos e blog) para documentar e compartir propostas tecnolóxicas.
- CA5.2 – Expresar e defender propostas de maneira efectiva, empregando ferramentas audiovisuais e técnicas de comunicación clara.
- CA5.3 - Coñecer alternativas como o NAS para o gardado da información

Desenvolvemento:

- Análise dos criterios de avaliación e coherencia dos mesmos no currículo.
- Revisión de rúbricas e listas de cotexto.
- Autoavaliación do traballo diario.
- Cuestionario de avaliación final.
- Presentación do traballo individual e reflexión colectiva sobre o resultado.
- Reflexión colectiva sobre a metodoloxía empregada na unidade. Análise de interdisciplinariade (se procede).
- Propostas de mellora.
- Visionado de documentais ou lecturas que non puideron facerse ó longo da secuencia.